

Con data 30/09/2013 o director da Banda Ferrolá de Música do Concello de Ferrol, don Narciso Pillo Guerreiro comunica a esta concellería a baixa na Banda Ferrolá de Música de dous bolseiros, que ocupaban as prazas de saxofón e clarinete, e insta á convocatoria pública para a cobertura de ditas prazas.

Coa finalidade de que a provisión das prazas de bolseiros da Banda se realice con respecto aos principios de publicidade, igualdade e obxectividade, resolvo o seguinte:

**Primeiro.-** Aceptar as baixas de dona Eva Filguiera Dapena e don Javier Losada Araújo como saxofón primeiro e clarinete primeiro, respectivamente, por motivos profesionais.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes **bases** que rexerán a provisión en calidade de bolseiros, das prazas de saxofón e clarinete na Banda Ferrolá de Música:

### **1-Obxecto das bases:**

A cobertura das prazas de saxofón e clarinete en calidade de bolseiros.

A adscrición a unha categoría concreta realizarase con posterioridade á proba práctica e a proposta do director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

Con respecto ás retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 222,50 € e 254,00 € mensuais.

### **2.-Presentación de instancias**

O prazo de presentación de instancias será do 26 ao 29 de outubro de 2013, ambos inclusive, no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol. De luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

A relación dos aspirantes admitidos publicaranse, cunha antelación mínima **dun día** á realización da proba de selección, na páxina web e no Taboleiro de anuncios deste Concello.

### **3.-Probas de selección**

As probas de selección terán lugar no Teatro Jofre o próximo 31/10/2013 ás 17:00 horas.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación de instancias no rexistro xeral de entrada deste Concello.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirá en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación dun fragmento dunha obra "a vista" previamente seleccionada polos membros do tribunal. O aspirante disporá de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

### **4.- Tribunal**

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Manuel-Reyes García Hurtado (concelleiro de Cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Soraya García Riveiros (profesora de Flauta do Conservatorio "Xan Viaño" de Ferrol)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

## **5.- Publicidade**

A convocatoria da provisión das prazas á que se refiren estas bases serán publicadas nos diarios de maior tirada da cidade.

As bases serán publicadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Así o manda e asina o concelleiro delegado de Cultura e Universidade por delegación da Alcaldía de 13/04/2013, na Casa do Concello de Ferrol, o

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade,

O secretario xeral,

Manuel-Reyes García Hurtado